

A SAUDADE EN PRIVILEXIO

Doce anos na distancia das nosas vidas non son nada en comparanza cos tantos mundos de acó e das diásporas. O tempo bule, xoga con nós e vai na procura da terramar de seu, moito aquén de todas as fronteiras. Velaí a nombradía da Gallaecia dende os pasadoiros dos séculos. Sempre estamos coa matria de por dentro e de por fóras, coma un ollo feliz, insubornábel, atento aos cumes e ás simas das orixes.

Manoel Rodríguez López escribírame dende Barcelona unha carta feliz e solidaria, de senso amigo e correspondente a un dos meus primeiros libros. Unha luzada que vén de lonxe (a Catalunya do progreso) en tempo e hora feliz para un navegador dos versos que quer outear as luces polas páxinas dun libro de poemas, prendedores e alfinetes nos andares xuvenís, que sempre son ousados coma os xilgaros, comandantes da luz e das esperas. Era así aquela tanta nosa xuventude de poetas, case acheites, ventureiros de cariño e compromiso.

E a nova saudábel do amigo que me escribira dende lonxe, no outro cabo do noso mundo e da península, acó onde todo cadra e se recibe con cariño e agradecemento, fora recibida coma un galano do sol nas sendistancias. Dei en medras de optimismo por aquelas palabras que tamén pousaban na voz fermosa de Paradela, cadrante co meu pelouro da montaña que hai de por séculos na Terra do Medio, onde o Farelo é o cumo que se olla ao lonxe, por acaso tamén dende os Mediterráneos que se albiscan cabo de lonxe na memoria, cando o mar é outro, semellando ser tamén océano de noso. A *Paradela* de Manoel e a *Paradela* de Pepiño de Vila - esta curota que acouga dende o altor no sobreiral do Arnego, o río meu que belisca nas ribeiras e camiña con licencia e nombradía das arestoras na Rede Natura, cabo do mundo que vai paseniño a se bicar co Ulla en Porto de Mouros - cadran e conforman as nosas vidas xuvenís e adultas a prol da ensoñación de sermos voces e máis voces solidarias de por vidas. Velaí o son, a sintonía dos dous poetas xuvenís que soñamos, cabo de lonxe e perto das estradas e dos ceos da vida que se din palabras coma versos, sorrisos coma estrofas, a lealdade e o compromiso da nosa Lingua en obra permanente e necesaria, sumando os días, anos, lealdades, ledicia... E dende as voces mailos ecos dos paraísos da Fins-Terra; cabo do Mundo. Felices para a escrita e para sermos andoriñas, xilgaros, voz e canto a un tempo: tal as orixes que non cesan. Nas arestoras estás en nombradía no granito da Casa da Cultura, en Paradela de Lugo; coa "*saudade no bulleiro*" dende a ausencia; e a "*soldada mínima*" dos tantos bicos que ti querías levar de vez ao paraíso. Velaí estás con nós. E o teu sorriso de vangarda, sempre.

Xosé Vázquez Pintor

Cangas do Morrazo, 08/04/2015